



SOCIALISMO GALEGO

A REVISTA DOS E DAS SOCIALISTAS DE GALICIA



Un novo PSdeG para cambiar Galicia

Opinión de Gonzalo Caballero

Opinión de Pedro Sánchez

A fondo con Laxe

A fondo con Touriño

Máis persoal: Dolores Villarino

ÍNDICE

- 03 **Editorial**
Gonzalo Caballero. Secretario Xeral do PSdeG-PSOE
- 05 **Opinión**
Pedro Sánchez. Secretario Xeral do PSOE
- 07 **Reportaxe**
Galegas no século XXI
- 08 **Reportaxe**
En defensa da sanidade pública
- 09 **Fotonoticia**
Manifestación pola sanidade
- 10 **Opinión**
Xoaquín Fernández Leiceaga
- 11 **Reportaxe**
Por unhas pensións dignas
- 12 **Opinión**
Ana Prieto
- 13 **Entrevista**
Fernando González Laxe
- 15 **Reportaxe**
Presentación do Proxecto
- 17 **Entrevista**
Emilio Pérez Touriño
- 19 **Opinión**
Pablo Arangüena
- 20 **Opinión**
Marina Ortega
- 21 **Reportaxe**
Xuntanza con Guillermo Fernández Vara
- 23 **Opinión**
Nabor González
- 24 **Máis persoal...**
Dolores Villarino

Limiar

O 12 de marzo de 1886 saíu ás rúas a primeira edición de 'El Socialista', unha publicación para difundir as nosas ideas e valores e reforzar a nosa organización.

Hoxe, 132 anos despois, recuperamos en Galicia unha ferramenta de comunicación de todos os e as socialistas galegos, co dobre obxectivo de informarnos de todas as actuacións que está levando a cabo o partido nesta nova etapa e de abrir unha canle de comunicación con toda a cidadanía progresista da nosa terra.

No mesmo ano no que se cumpren as catro primeiras décadas de vixencia da nosa Constitución, queremos pór en valor os dereitos e liberdades conquistados nesta etapa, na que temos participado activamente os socialistas, fronte á desafección e o deterioro da confianza cidadá nas institucións e na política; pero á vez queremos abrir un diálogo de futuro, con ideas de cambio, de reforma, de vangarda.

Dende estas páxinas, que renacen con vocación trimestral, queremos recordar a nosa Historia, pero tamén avanzar hacia o futuro da nosa Galicia cunha óptica progresista e de esquerda.

Non son poucos os retos que temos por diante como partido, e tampouco como sociedade, e de todo elo queremos falar. Con vós.

EDITA:

PSdeG-PSOE

ENDEREZO:

Rúa do Pino, 1-9 baixos
15704 - Santiago de Compostela

CONTACTO:

981 55 20 30
cengsocialistasdegalecia.com
www.psdeg-psoe.gal



GONZALO CABALLERO

UN CAMBIO AO SERVIZO DE GALICIA



A política é un servizo público á cidadanía, e o socialismo democrático constitúe o mellor proxecto de goberno para unha sociedade. Como socialistas móvenoso compromiso cos sectores máis febles e desfavorecidos da sociedade, porque cremos na igualdade de oportunidades e no estado do benestar. O noso compromiso está coa liberdade das persoas, porque o socialismo é liberdade, pero no económico sabemos que é necesario unha acertada combinación entre mercado e estado que per-

mita políticas públicas ao servizo da cidadanía.

Somos de esquerdas, internacionalistas, europeístas, galeguistas, cremos na política e nos servizos públicos, somos verdes, feministas, e construímos o noso proxecto na mellor tradición política da socialdemocracia europea. Temos capacidade de goberno e de diálogo, e tamén sentido de país.

O 13 Congreso Nacional do PSdeG celebrado en outono do 2017 abriu

unha nova etapa no socialismo galego, impulsada co voto directo da militancia. Unha militancia que quere fortalecer e revitalizar o socialismo galego para acadar un cambio político en Galicia, ao igual que impulsou unha nova etapa liderada por Pedro Sánchez para un cambio político en España.

Os novos tempos marcan novas dinámicas políticas e electorais. Coa crise económica, aumentou a desafección cara o sistema político e a confianza na política caeu a



ritmos sen precedentes. Boa parte da cidadanía reclama dende entón con máis forza rexeneración política, así como políticas efectivas que dean solucións aos problemas das persoas no día a día. Tamén emerxeu unha vontade de participación nas organizacións políticas que nos obriga a modernizar e abrir o noso modelo de partido. Mantendo a estrutura de democracia representativa propia da nosa organización, resulta imprescindible incorporar mecanismos de participación que lle dean maior espazo e protagonismo á militancia. Non somos assemblearios, temos órganos de dirección, pero á vez entendemos que debemos construír a nosa posición política en contacto permanente coas bases e simpatizantes. Un partido máis aberto para dar cabida á participación da xente.

Xunto ao cambio no modelo organizativo, sabemos que hai que poñer en valor o debate de ideas e propostas, liderando a vangarda da sociedade, en contacto coa cidadanía, e xerar proxectos e ideas capaces de dar solucións e de conectar con esa cidadanía máis afastada da política.

Tras casi catro décadas de goberno autonómico no marco do Estatuto de Galicia, os socialistas galegos podemos amosar con orgullo o legado dos gobernos presididos por Fernando González Laxe e Emilio Pérez Touriño. Eles representan a mellor historia do socialismo galego e da autonomía galega.

Pero nunha Galicia que vai a menos, os socialistas non nos podemos resignar aos gobernos conservadores e temos que promover

unha ampla coalición social progresista que permita un cambio político no país.

O PSdeG-PSOE é unha peza fundamental no sistema democrático galego e un elemento indispensable para o cambio político en Galicia. Reactivar e fortalecer o PSdeG é unha cuestión central para unha estratexia de cambio e avance en Galicia, e ese avance necesita da implicación da nosa militancia.

Temos que abrírnos e conectar coa sociedade galega para incorporar o mellor talento e ideas, e para aportar solucións e propostas. Témonos que espallar na Galicia na que vivimos, defendendo que as ideas da esquerda e do socialismo democrático constitúen a mellor receita para o futuro. Para liderar a Galicia do século XXI.

PEDRO SÁNCHEZ



LA FUERZA DE LA MILITANCIA

Es un honor participar del número 0 de la nueva publicación con la que los y las socialistas gallegos vais a acercar la realidad de nuestra organización a las y los militantes del PSdeG.

Es precisamente ahí, en la fuerza de la militancia, donde reside el gran valor de este partido centenario. En hombres y mujeres que fortalecen el proyecto socialista desde la lealtad a unas ideas que han transformado nuestro país desde las instituciones. Y es por ello por lo que una de las grandes prioridades de la Comisión Ejecutiva Federal ha sido la de avanzar en el carácter radicalmente democrático de nuestra organización, siguiendo el mandato del 39 Congreso.

Nuestro proyecto político, el proyecto socialista, nace del compromiso con los valores de la socialdemocracia. Pero también del compromiso con la idea misma de sociedad, aquella cuya mera existencia niega la ola neoconservadora que prefiere limitar lo colectivo más a los símbolos que a la realidad cotidiana a la que se enfrenta la ciudadanía.

Esa realidad es la de los pensionistas condenados a la pérdida de poder adquisitivo. La de los jóvenes expulsados de un mercado laboral en el que la precarización se convierte en la norma y los salarios de miseria en una constante. Es la realidad de la mujer condenada a sufrir una brecha salarial ante la

que la derecha en el gobierno se encoge de hombros y se quita de en medio como si el problema no fuera con ella. Como si un gobierno no tuviera herramientas a su disposición para combatir esta indignidad que condena a la mitad de la población, a las mujeres, a sufrir una desigualdad que se eterniza con el paso de los años.

Quiero aprovechar esta ocasión para reivindicar la obra de dos grandes socialistas que tuvieron el honor de presidir la Xunta de Galicia. Tanto Fernando González Laxe como Emilio Pérez Touriño dejaron un profundo legado que perdura a través de los años como testimonio de honradez y buen hacer en el ejercicio de su cargo. Recordar su

labor constituye un motivo de orgullo, fuente de inspiración del presente y futuro de nuestra organización.

Un futuro inmediato que tiene el nombre de Gonzalo Caballero al frente del PSdeG después de los procesos de renovación orgánica del pasado año. Un futuro marcado por la proximidad de las elecciones locales y europeas en Galicia en 2019. En esa batalla, en la de los ayuntamientos, tenemos que poner la primera piedra del cambio político que necesita tanto Galicia como el conjunto de España.

Somos la izquierda de gobierno que ejerce la oposición con sentido de estado. Ésa es la filosofía presente en los grandes acuerdos de país que hemos propuesto en diferentes ámbitos para garantizar un crecimiento seguro. Conscientes de que, frente a la parálisis de una derecha atrincherada en el miedo a un competidor emergente, el PSOE tiene la responsabilidad de proponer alternativas, de ofrecer respuestas, de liderar aunque sea desde la oposición, ante la desidia de un gobierno que pone en riesgo las grandes conquistas del estado del bienestar y basa toda su propuesta en resistir a toda costa. Un gobierno incapaz de liderar los grandes cambios que siguen pendientes y que prefiere posponer decisiones que no admiten dilaciones.

Galicia necesita un cambio. Un cambio progresista, galleguista y europeísta que sólo puede venir de la mano del PSdeG. En esta tarea, y en la de contribuir al cambio en el conjunto de España, contaréis con toda mi implicación personal como Secretario General del PSOE y como un socialista más.



MULLERES; GALEGAS; SOCIALISTAS: LIBRES; IGUAIS; HONRADAS; INTELIXENTES...



Así definía a idea da militancia o fundador do PSOE, Pablo Iglesias Posse, e unha boa representación dela acudiu o 24 de febreiro á Casa das Asociacións de Santiago para participar nunha xornada sobre Mulleres e Igualdade organizada polo PSdeG no aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, poucos días antes dun 8 de Marzo que se anuncia como un cambio histórico na vindicación dos dereitos das mulleres en todo o mundo. Nese foro, o secretario xeral, Gonzalo Caballero, centrou o seu compromiso en “dar a batalla con ideas, valores e argumentos, para acadar a igualdade, que se sitúa no cerne do socialismo”.

Nas palestras participaron multitude de cargos socialistas, entre as que se encontraban a primeira muller que ocupou a presidencia do Parlamento galego, Dolores Villarino; a primeira concelleira de igualdade de Galicia, María Xosé Porteiro; a segunda secretaria de Estado de Igualdade, Laura Seara; a presidenta da comisión de Igualdade no Congreso, Pilar Cancela; a

secretaria xeral de Santiago, Mila Castro; a voceira de Igualdade na Cámara galega, María Pierres; a vicesecretaria de Igualdade da executiva galega, Icíá García; a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez; ou a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, quen parafraseou a Rosa Luxemburgo cando dixo que “quen é feminista e non é de esquerdas, carece de estratexia; e quen é socialista e non é feminista, carece de profundidade” ao afirmar que “somos socialistas porque somos feministas”.

Nas intervencións, que xiraron arredor do papel das mulleres na política e na sociedade, houbo coincidencia en situar na etapa de goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, en España, e de Emilio Pérez Touriño, en Galicia, a aposta por políticas avanzadas que chegaron a ser referente de boas prácticas e desenvolvemento do precepto constitucional que garante a non discriminación por razón de sexo. Nos primeiros anos deste século, o PSOE e o PSdeG lexislaron amplamente sobre a violencia de xénero e a

paridade, marcando un fito que acadou recoñecemento internacional.

Ao tempo das medidas políticas, lembrouse como o Partido Socialista foi da man dos movementos sociais máis avanzados en materias que deixaron a súa pegada na cidadanía, como a problemática das mulleres rurais, que describiu Rosa Arcos (Fademur); as nais contra a droga que se artellaron por iniciativa de Carmen Avendaño arredor de Érguete; a potenciación da entrada das mulleres na ciencia, da que falou Eva López, da USC; ou a fenda salarial en todo tipo de actividades tomando como exemplo o mundo das artes escénicas, sobre a que profundou a vicepresidenta da Academia Galega do Audiovisual, Tamara Canosa.

As ideas socialistas representan e defenden na sociedade a convicción de Rosalía cando dixo: “Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos, e eles son a lei que rexe o meu destino”. Hoxe, coma onte, as mulleres e os homes do PSdeG traballamos para que así sexa.

GONZALO CABALLERO REPROCHA A FEIJOÓ QUE SIGA ADIANTE COA REFORMA DA LEI DA SAÚDE QUE «AFASTA A SANIDADE DOS CIDADÁNS»



O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, iniciou o ano co obxectivo de marcar “unha axenda social” ao presidente da Xunta, unha estratexia enfocada á mellora dos servizos públicos, nomeadamente, da sanidade e da educación.

Co foco posto na reforma que pretende acometer a dereita da Lei de Saúde, que suporá a supresión das áreas sanitarias do Salnés, Valdeorras, Lemos e A Mariña, o líder dos socialistas galegos visitou as catro comarcas para coñecer de primeira man as impresións dos profesionais sanitarios.

Así mesmo, vista a contestación que tivo na rúa ese proxecto normativo, tanto nos ámbitos comarcais como na manifestación que reuniu en Compostela a milleiros de persoas, Gonzalo Caballero esixiu a Feijóo que “escoite o clamor” da xente e “rectifique” as súas políticas.

Ten, dixo, que “reorientar a desfeita” que está levando adiante neste eido e que está supoñendo “desmantelar moitos dos avances” que se tiñan conquistado. “Custou moito tempo construír un sistema público, gratuíto, de calidade e de proximidade”, advertiu.

E é que non é só a supresión de áreas sanitarias, senón que se están dando –denunciou o secretario xeral– “privatizacións encubertas, precariedade para os profesionais e enormes listas de espera” que sofren os doentes.

“UNHA POLÍTICA SANITARIA PARA O SÉCULO XXI”

Fronte á estratexia da dereita, Gonzalo Caballero tense comprometido coa defensa dunha sanidade “pública, gratuíta, universal, de calidade e próxima”, o mesmo que demanda a cidadanía galega.

“Galicia quere unha política sanitaria para o século XXI”, proclamou o líder dos socialistas galegos, consciente de que afastar dos cidadáns un servizo tan importante como a sanidade supón “unha merma na súa calidade de vida” e “unha menor garantía dos seus dereitos”.

Máxime, como evidenciou, naquelas vilas e pobos que contan cunha poboación máis envellecida e que xa sofre “pensións por baixo da media de España” e que agora terá que afrontar o custe dos desprazamentos ata as cidades.

O PSdeG, COS PROBLEMAS DA XENTE

Xunto a esa ronda polas comarcas afectadas pola supresión de áreas sanitarias, o secretario xeral do PSdeG ten aproveitado para reunirse cos responsables da plataforma SOS Sanidade Pública e con distintos colectivos implicados na defensa deste servizo fundamental.

Do mesmo xeito, participou nunhas xornadas organizadas pola Escola de Formación Ceferino Díaz, do PSdeG, co Grupo Socialista no Parlamento, para afondar na situación asistencial actual.

Á convocatoria dos socialistas acudiron, ademais de quen fora ponente da Lei de Saúde do 2008, Mar Barcón, sindicalistas de UGT e CC.OO. do ámbito sanitario. Manuel Martín, médico de Atención Primaria e coordinador de SOS Sanidade Pública, e María Ausencia Tomé, endócrina do Hospital de Santiago, completaron un cartel no que tamén figuraban a enfermeira do Hospital de Ourense Asunción Maus e o presidente do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia, Perfecto Pampín.

FOTONOTICIA



CONTRA OS RECORTES NA SANIDADE PÚBLICA

Fronte ao retroceso que a sanidade pública está sufrindo co goberno conservador, que recorta o número de camas, esquece a Atención Primaria, impón privatizacións, aumenta a precariedade no emprego na sanidade pública, provoca maiores listas de espera e suprime áreas sanitarias...

Os socialistas lideramos en Galicia a aposta por unha sanidade pública, gratuita, universal, de calidade e próxima á cidadanía. Esa é a nosa prioridade; o foi historicamente e o vai ser nos próximos anos para marcar unha nova política sanitaria en Galicia.



CONSTRUÍR DESDE A ESQUERDA O PAÍS DO PORVIR

OPINIÓN



XOAQUÍN
FERNÁNDEZ LEICEAGA

Presidente do PSdeG
e voceiro no Parlamento

Galicia pode celebrar xa 37 anos de autogoberno. Unha etapa que nos serviu para defender algúns dos nosos intereses, para prosperar economicamente, para xestionar equilibradamente a nosa identidade colectiva. Para partillar a vaga de modernización da sociedade española, ligada ao destino europeo. No entanto, cuestións de fondo non foron afrontadas convenientemente: a regresión demográfica, o coidado do medio e os desequilibrios territoriais, ou a debilidade da estrutura produtiva, son algunhas delas.

Na década da crise puxéronse en cuestión algunhas certezas e xurdiron novas dificultades. A crenza de que iamos sempre a mellor quebrou; moitos perderon o emprego e aínda o fogar; as clases medias compartiron coas baixas temores e inseguridades; aumentou a pobreza, incluída a infantil, até lindes insoportábeis.

Nestes anos, o predominio da dereita foi excesivo. A maioría absoluta do PP, unha anomalía na actualidade, constitúe á vez un recordatorio e un desafío. Fronte a unha dereita unificada e asentada no tecido económico e social,

a esquerda está fragmentada e cun perfil afastado das responsabilidades de goberno.

Pero non hai un determinismo sociolóxico ou político. É posible construír unha alternativa progresista, dirixida desde a socialdemocracia, con apoio social maioritario. Xa o fixemos. Trátase de avanzar na oferta programática, na praxe política e no activismo social para producir confianza e conquistar o achegamento dos que hoxe non nos ven como alternativa. As vindeiras eleccións locais e, sobre todo, a xestión dos resultados, serán un fito relevante nese camiño. Unha esquerda de goberno que compita coa dereita, e que restrinxa a súa capacidade de atracción electoral.

Galicia precisa un novo pulo, e podémollo dar a través dun proxecto renovado que teña a modernización e a igualdade como metas. A inserción laboral da mocidade ten que ser unha prioridade máxima, ou seguiremos perdendo capacidades, talentos e enerxías. Sen emprego de calidade non hai opción para a revitalización demográfica nin garantías para as pensións ou a sanidade. A alianza por un porvir

de prosperidade e integración social ten que ser interxeracional. Vivimos nun mundo integrado, somos parte dunha Europa unificada. A competitividade, que garante salarios adecuados, pasa pola formación e polo reforzamento das capacidades empresariais. Por traballadores cualificados e por empresas sólidas, innovadoras, internacionalizadas, cunha base financeira saneada. Este é o segundo desafío.

Por fin, precisamos unha Galicia integrada, social e territorialmente. Non debemos deixar a ninguén atrás, atendendo aos que teñen menos recursos; dando solución ás persoas maiores que precisan de coidados; perfeccionando o noso sistema sanitario; dando acceso fácil aos bens da modernidade aos que viven en todas partes. Protexendo o territorio que nos define. Precisamos unha Galicia na que desaparezan as diferencias entre sexos, no ámbito laboral, no do fogar, no coidado dos fillos.

Galicia precisa tamén dunha España que respecte a pluralidade e garanta a igualdade; diversa e sen privilexios. Nunha Europa forte, máis democrática e máis social.

OS SOCIALISTAS CONTRA O DETERIORO DAS PENSIÓNS: «TEN SOLUCIÓN»



Fronte ao empobrecemento dos pensionistas que supón non actualizar, cando menos, o seus ingresos co IPC, os socialistas temos deseñado fórmulas alternativas que permiten manter o sistema público e paliar o burato de 18.000 millóns de euros que arrastra a Seguridade Social.

PROPOSTAS E ALTERNATIVAS

Diso falou na Coruña o secretario de Relacións Institucionais e Administracións Públicas do PSOE, Alfonso Rodríguez Gómez de Celis, quen defendeu a conveniencia de aumentar os ingresos da Seguridade Social a través dun imposto sobre os beneficios da banca. As entidades financeiras deben, afondou, devolver os cartos que obtiveron de todos os españois para o seu rescate.

En paralelo a esa mensaxe de “xustiza social”, o secretario de Economía do PSOE, Manuel Escudero, viaxou a Vigo e Pontevedra para reclamar que hai que engadir impostos ás cotizacións, que teñen baixado por mor do precario nivel salarial existente, para facer viable o sistema de pensións. É o que se fai, concluíu, en países da nosa contorna como Alemaña, Francia ou Italia.

A mostra das alternativas dos socialistas para o mantemento do sistema público de pensións queda patente tamén na proposición de lei que rexistramos no Congreso en febreiro, que multiplica por seis a raquítica suba das pensións decretada pola dereita. O aumento pasaría dun 0,25 a un 1,6% e financiaríase con cargo aos impostos.

O deterioro das pensións públicas, que en Galicia afecta a unhas 700.000 persoas, está sendo para os socialistas un dos principais campos de traballo nesta nova etapa. Cunha estratexia que avala que o problema “ten solución” se existe vontade política, estamos na rúa e nas institucións apoiando as mobilizacións dos nosos pensionistas, que de novo sofren “un ataque” á súa calidade de vida.

Así o explicou o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, quen reprobou que a dereita teña renunciado a actualizar as pensións segundo o custe da vida. “O PP rompeu o Pacto de Toledo

e baleirou a hucha das pensións”, denunciou, non sen esixir unhas nóminas “dignas” para os nosos maiores.

Sobre todo, como detallou o líder dos socialistas galegos, quen xa participou en sendas asembleas abertas sobre pensións na Coruña e Pontevedra, e nunha xornada de traballo en Vigo con membros de UGT e CC.OO., nunha comunidade como a nosa, onde a pensión media é máis baixa que no conxunto de España. Ademais, puxo de relevo que a nómina media dos pensionistas das provincias de Lugo e Ourense está “nos niveis máis baixos” de todo o Estado.

PENSIONISTAS E DIGNIDADE. NON AOS COPAGOS

OPINIÓN



ANA
PRIETO

Secretaria de Estudos
e Programas do PSdeG

Estes días vemos como milleiros de personas, moi enfadadas, na súa maioría xubiladas, saen ás rúas de toda España para demandar unhas pensións dignas. Son pensionistas que días atrás recibiron unha carta da ministra Fátima Báñez para comunicarlles a revalorización da súa pensión nun raquíctico 0,25%. Esta ridícula suba supón unha importante perda do seu poder adquisitivo, pola sinxela razón de que o IPC aumenta moito máis que as pensións. Sube a luz, a cesta da compra dispárase, costan máis os medicamentos, a implantación do copago farmacéutico é un feito... Os prezos, en xeral, suben por riba do 1%. Todo isto ocorre nun escenario que o Goberno considera de recuperación económica. Pero realmente é un escenario no que os pensionistas perden poder adquisitivo. E tamén saúde, porque a adherencia deste colectivo aos medicamentos se ve directamente afectada polas medidas tomadas polo Goberno de Mariano Rajoy.

O real decreto 16/2012 obrigou, por vez primeira, aos pensionistas a pagar polos seus fármacos. O copago é unha barreira de acceso aos seus tratamentos. Se isto o unimos á “desfinanciación” de 420 medi-

camentos, que deixaron de ter cobertura pública e son hoxe un 75% máis caros, está claro que as políticas do Goberno contribuíron a empeorar a calidade de vida e a saúde dos pensionistas.

Fai uns anos, en España era impensable falar de barreiras de acceso aos medicamentos, pero na actualidade os últimos datos do Barómetro Sanitario que publica o Ministerio de Sanidade reflexan que un 4,4% de pacientes ten deixado de tomar algún fármaco recetado por un médico da sanidade pública por non poder asumir o seu custe. Non podemos pechar os ollos ante isto.

Utilizar de xeito correcto os medicamentos ou, o que é o mesmo, facer un uso responsable, seguro, efectivo, eficaz e eficiente deles non depende só da súa calidade, nin dos profesionais médicos, nin das autoridades sanitarias, senón que tamén depende da utilización que faga dos mesmos o propio paciente. E se un doente, por motivos económicos, decide non retirar o que é necesario para a súa saúde, estamos ante un gran fallo de igualdade e equidade no acceso aos tratamentos.

A falta de adherencia está directamente relacionada coa diminución da calidade e da esperanza de vida. Leva a un peor control da enfermidade, aumenta as súas complicacións e repercute nun incremento das consultas, hospitalizacións e probas complementarias. Todo isto afecta negativamente á saúde das persoas e provoca unha suba do gasto sanitario.

Sempre son os xubilados coas pensións máis baixas os que máis sofren, xa que moitos contribúen a soste a familiares que foron golpeados pola crise. Chegan, o sabemos, a privarse de retirar medicamentos prescritos polos médicos, necesarios para a súa saúde, por motivos económicos.

É necesaria unha evolución das pensións conforme ao IPC. Con vontade política e unha xestión racional, pódese conseguir. Os socialistas traballamos, loitamos e nos manifestamos ao lado dos pensionistas para reivindicar a revalorización das súas pensións, por un incremento do 1,6% coas correspondentes actualizacións.

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE



Fernando González Laxe (A Coruña, 1952) foi o primeiro presidente socialista da Xunta, na segunda lexislatura autonómica. Levan a súa firma leis tan importantes como a de creación do Servizo Galego de Saúde ou a de ordenación do mapa universitario, o que dá mostra das prioridades dos socialistas cando gobernamos.

PREGUNTA. Pasaron máis de 30 anos dende que chegou á Presidencia da Xunta. Como mudou Galicia dende entón?

RESPOSTA. Houbo cambios moi notables. Dunha parte, gañamos en democracia e en participación pública. Doutra, o país industrializouse, incorporou novas tecnoloxías, abriuse ao mundo; e as políticas públicas, aínda con moitos recortes nos derradeiros tempos, foron importantes para apostar pola cohesión social e a corrección de desigualdades.

P. Con que se queda dos seus anos de goberno?

R. Aparte das leis de creación do Sergas ou a de ordenación universitaria, que son moi importantes e xa xustifican unha lexislatura, fixouse a obrigabilidade de manter un debate no Parlamento sobre o estado da autonomía.

Tamén sacamos adiante a lei de financiamento local, a de desenvolvemento tecnolóxico e a de montes veciñais en man común...

Asemade, creouse a Fundación Galicia Europa, a Escola Galega de Administración Pública, o Centro Galego de Arte Contemporánea, os centros do IGAGA para acuicultura na Illa de Arousa e o Parque Tecnolóxico en Ourense.

«Debemos transmitir o legado da contribución do PSdeG»

P. Que diferenzas atopa entre a política actual e a da súa etapa como presidente?

R. Cecais, antes os presidentes da Xunta tiñan máis compromiso co país e amosaban máis sentimento polas persoas e sectores afectados polas crises ou en dificultades. Tamén había mas sinceridade na linguaxe e no compromiso.

P. Cales son os principais problemas que afronta Galicia?

R. O principal é a demografía. Cada día somos menos e máis lonxevos, e iso trae consecuencias non moi optimistas. O segundo é a produtividade: debemos ser máis eficientes. E o terceiro radica nun modelo produtivo que non aproveita os recursos naturais.

P. E con que fortalezas contamos?

R. Coa intensidade do noso traballo, coa solidariedade entre todos nós e coa paciencia en agardar resultados positivos. Somos un pobo que ten moita historia e cáseque sempre sae vitorioso das apostas e retos que libra.

P. Cre que as xeracións máis novas recoñecen o labor do Partido?

O PSOE sempre será mirado pola súa contribución ao desenvol-

vemento das políticas públicas e, mais en concreto, das que fan referencia a vivenda, educación, sanidade e prestacións sociais. Forman parte do noso ADN. Por tanto, debemos continuar esforzándonos para que teñan fondos económicos dabondo para o seu desenvolvemento.

As xeracións máis novas naceron, estudaron e viven arredor desas políticas socialistas e nós debemos explicalo constantemente, e transmitir o legado.

P. Percibe que o PSdeG está agora en condicións para formular un proxecto alternativo?

R. Si, con rotundidade. Sempre que fomos unha alternativa viable, estabamos unidos nese esforzo de acadar a vitoria. E hoxe, estámolo. Xa que logo, non hai que dubidar dos triunfos electorais; e de inmediato traballar arreo. A tarefa actual debe concretarse na preparación para as vindeiras eleccións.

«Hai que evitar situacións populistas e oportunistas»

P. Este ano celébrase o 40 aniversario da Constitución. Que papel temos que xogar os socialistas neste momento de dificultades no eido institucional?

R. A Constitución, con reformas ou sen elas, debe ser o marco de referencia xunto cos Estatutos de Autonomía. Por elo, considero necesario mellorar aqueles aspectos que quedaron desfasados despois de 40 anos. Témoslos que cambiar acudindo ao maior consenso posible, evitando, asemade, situacións disparatadas, populistas e oportunistas.

P. Que retos debe afrontar hoxe a socialdemocracia?

R. A socialdemocracia debe afrontar novas definicións para os novos desafíos. Antes a poboación

vívía toda súa vida nun sitio; hoxe é máis nómada. Antes estabamos nun mundo analóxico; hoxe é dixital. Agora temos desafíos difíciles, como o cambio climático, a transición enerxética, a segmentación e deslocalización da produción, unha

educación terriblemente especializada... Nestes campos é onde a socialdemocracia debe actualizar as súas propostas de xeito inmediato; pero sen modificar os principios de loitar contra a desigualdade e as diferencias sociais e territoriais.



«Temos desafíos difíciles, como o cambio climático, a transición enerxética...»

GONZALO CABALLERO: «TEMOS INICIADO UN TEMPO NOVO CO RETO DE CONVENCER Á SOCIEDADE DE QUE GALICIA PRECISA UN CAMBIO»

O alcalde de Vigo constata que “arranca un novo tempo” no PSdeG e ve ao secretario xeral coas “cualidades” para lideralo: “É un home de formación sólida, cunha fonda e solvente experiencia académica e cunha forte capacidade de observación da realidade social, política, económica e administrativa”



“No PSdeG temos iniciado un tempo novo, con forzas renovadas, con novos referentes e incorporando a unha nova xeración da que eu tamén son membro, co reto de convencer á sociedade de que Galicia precisa un cambio”.

Son palabras pronunciadas polo secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, nun almuerzo-coloquio que reuniu en Santiago a centos de persoas, membros do partido e da sociedade civil, que se achegaron ao Hostal dos Reis Católicos para escoitar o seu discurso.

Nesa tribuna, na que foi presentado polo alcalde de Vigo e presidente da Federación Española de

Municipios y Provincias, Abel Caballero, o líder do PSdeG non só debullou os retos do partido, ao que lle corresponde a “responsabilidade” de “modernizar” Galicia, senón que perfilou o seu proxecto e analizou a situación política de Galicia e de España.

Despois de reivindicar “a política como un servizo público e como un mecanismo para cambiar as sociedades”, lonxe de “populismos ou outras opcións”, deixou claro que os socialistas non somos “nin nacionalistas nin independentistas”, pois temos “un compoñente europeoista” e as nosas políticas “as dedicamos ás persoas” e non as centramos “nos territorios”.

Iso si, remarcou o noso “galeguismo” como “un compromiso coa terra e coa nosa identidade cultural e lingüística”. Alén diso, o noso perfil político complétase con trazos “ecoloxistas”, de defensa do medio ambiente, e “feministas”, por canto “as mulleres teñen que ter unha igualdade real en todos os escenarios”.

A “loita contra a desigualdade” nos distintos ámbitos súmase, segundo formulou Gonzalo Caballero, ao pulo por un “emprego de calidade” no marco dun modelo económico equilibrado e á defensa dos servizos públicos.

“Este planteamento de esquerdas, socialista, que construíu un modelo



de referencia en Europa, é o modelo que os socialistas galegos imos manter e defender”, resumiu, partidario de “facer pedagogía política” para “convencer coas ideas” e, con iso, “ganar eleccións”.

“GALICIA PERDE, E NOS PREOCUPA”

Tras reafirmar o noso compromiso co modelo constitucional, conxugado coa aposta pola vía da reforma, sinalou que Galicia “ten que estar no centro do debate” para calquera modificación que se enuncie.

Neste punto, non ocultou a súa “preocupación” ao detectar que a nosa comunidade “ten perdido peso político e posición política”. “Dentro do Estado, como parte do noroeste peninsular, en Europa, e ata a presenza tradicional que tiñamos en Latinoamérica”, lamentou.

“Galicia perde, e nos preocupa. Nos preocupa porque vai a peor”, advertiu o xefe de filas do PSdeG, esgrimindo índices de competitividade e constatando tanto a perda do sistema financeiro como o devalo demográfico.

“Galicia está sen estratexia, sen rumbo”, abundou, pensando nos problemas dos sectores primarios, do medio rural, do eido industrial,

dos servizos públicos que sofren recortes ou dos mozos que non atopan futuro na nosa terra.

“GALICIA MERECE ALGO MELLOR”

Con este escenario sobre a mesa, Gonzalo Caballero proclamou que “Galicia merece algo mellor”.

Así é que situou a política económica coma un dos eixos “fundamentais” do proxecto socialista, do mesmo xeito que as actuacións sobre o medio rural e as medidas de reequilibrio territorial. A terceira “prioridade” é a acción social, pola igualdade e en defensa dos servizos públicos, como vía para conseguir que “a recuperación macroeconómica chegue ás familias”.

“UN EXÉRCITO DO CAMBIO”

“Temos que conseguir un exército do cambio con distintos actores políticos, sociais, sindicais... que teñen que pular pola Galicia do futuro”, apelou o secretario xeral do PSdeG, pois a nosa terra “non se pode resignar” co resultado que deixan as políticas conservadoras.

Pola súa banda, mostrouse “optimista” e amosou as súas “ganas” de traballar por ese cambio. “Abrimos unha páxina política nova, con compromiso e con forza”, destacou,

antes de recordar que el, que mantén o seu traballo na Universidade, chega á política “cos deberes feitos, coa vida resolta” e só coa vontade “de aportar, de servir ao país”.

“ARRANCA UN NOVO TEMPO”

En paralelo, Abel Caballero presentou ao secretario xeral como “un gran político” co que “arranca un novo tempo”, e reclamou “estabilidade” para que poida confeccionar o seu proxecto. “A política, como todas as cousas da vida, precisan de tempo”, evidenciou.

En canto ao líder dos socialistas galegos, definiuno como unha persoa con “cualidades” para o cargo. “É un home de formación sólida, cunha fonda e solvente experiencia académica e cunha forte capacidade de observación da realidade social, política, económica e administrativa”, sostivo, antes de coincidir con Gonzalo Caballero no “optimismo ante as perspectivas que ten diante de si.

Xusto a continuación, criticou a “deixación de funcións” na que está incorrendo a dereita na Xunta, polo mero feito de que Feijóo a concibe como “un simple escalón” no seu camiñar político. “Hai que cubrir os baleiros, e ese papel ten que xogalo o PSdeG”, finalizou o rexedor vigués.

EMILIO PÉREZ TOURIÑO



Emilio Pérez Touriño (A Coruña, 1948) liderou Galicia entre 2005 e 2009, etapa na que saíron adiante leis pioneiras como a da igualdade no traballo. Xunto con medidas de cohesión social, en prol dos servizos públicos, de protección do territorio e de rexeneración democrática, conquérironse nese período «cifras récord» de desemprego.

PREGUNTA. Que diagnose fai da situación actual de Galicia?

RESPOSTA. Preocúpame moito a marcha do país. Creamos menos emprego, e o que se crea é cada vez máis precario, polo que están medrando a desigualdade e a pobreza. Ademais, está o declive demográfico, a dispersión da poboación, a problemática dos incendios, a privatización da sanidade, a política de debilitar a educación pública... O país necesita un cambio e unha renovación profunda, tanto na orientación coma no liderazgo e na forma de facer política.

P. Ve forte ao PSdeG para acometer esa tarefa?

R. Creo sinceramente que estamos nesa fase. Logo dun período de leas

«O cambio político en Galicia necesita do PSdeG»

internas, o Partido está hoxe nun momento esperanzador, pois o secretario xeral saíu cun apoio moi amplo da militancia. E ser un partido con estabilidade e cohesión é imprescindible para ser alternativa.

Na medida en que iso se consiga, e está en vías de conseguirse, hai que construír un proxecto para conectar de novo cos cidadáns.

É o reto que ten agora o PSdeG: deseñar esa alternativa que Galicia necesita e merece.

P. Como ten que ser ese proxecto?

R. Vivimos momentos nos que necesitamos un modelo de esquerdas, socialdemócrata, convincente, capaz de nuclear e de xerar un apoio maioritario en torno a un proxecto que permita obter credibilidade e confianza cidadá para converternos en alternativa á dereita.

P. Vaise crear un laboratorio de ideas...

R. É unha idea positiva, que debe servir para lograr o cambio.

O PSdeG ten que ser un partido forte, pero nunca un partido illado nin pechado en si mesmo. Ten que ser aberto, transparente e capaz de



suscitar o apoio directo, e indirecto, da sociedade civil.

É importante conquistar a implicación da xente.

P. Tal e como está o mapa político... É máis difícil hoxe lograr ese cambio?

R. Cada etapa ten as súas características. Lembro que, cando eu accedín á Secretaría Xeral, o BNG era a forza hexemónica da oposición e en 2005 fomos quen de darlle a volta á situación, marcando unha distancia moi considerable.

«O Partido ten que ser un instrumento de progreso»

Hoxe a situación está máis fragmentada, pero o fundamental é que o cambio político en Galicia necesita dun PSOE que goce dun amplo apoio da sociedade como proxecto autónomo e crible para un cambio tranquilo e razoable. Esa ten que ser a nosa vocación e a nosa aspiración.

Hai unha cultura de coalición que hai que ir construíndo cada día, sa-

bendo que necesitaremos contar co apoio das forzas alternativas ao PP, pero cun perfil de forza autónoma e cun proxecto propio: o proxecto socialdemócrata e galeguista que representa o Partido Socialista.

P. Que retos temos de cara ao futuro, tamén en Europa?

R. É imprescindible poñer en marcha políticas defensivas do Estado de Benestar, que está permanentemente posto en cuestión polo neoliberalismo.

Xunto a iso, teñen nacido novos retos, que teñen que ver con novas formas de desigualdade social, aos que hai que responder.

Teño a convicción de que cada vez é máis importante o ámbito europeo, onde necesitamos políticas de investimento público, de cohesión social...

E a socialdemocracia ten que responder con moito máis vigor na construción dunha Europa mellor. Non só máis Europa, senón unha Europa que nos permita recuperar o que foi nos seus inicios: un proxecto social e de xeración dun espazo de liberdades, de igualdade e de cohesión social.

E cando estamos vendo unha involución tamén no terreo das liberdades, cara a posicións que criamos pasadas, a esquerda ten que responder con intelixencia, pero con firmeza.

P. Agora que xa remataron todos os procesos orgánicos, qué mensaxe manda á militancia socialista?

R. Eu tiven sempre a idea, que ás veces non gusta demasiado, de que o partido é dos militantes, pero sobre todo é dos cidadáns.

«Hai que responder con intelixencia e firmeza fronte a posturas que criamos pasadas»

Ten que ser un instrumento de cambio, de progreso, ou non ten ningún sentido.

É a mellor mensaxe a favor do partido: apertura, transparencia, renovación, achegarse á xente... Cando non foi así, tivemos a maior falta de apoio electoral e de sintonía cos cidadáns.

FACENDO FORMACIÓN. O LEGADO DE CEFE

OPINIÓN



PABLO
ARANGÜENA

Vicesecretario xeral
e voceiro do PSdeG

Hai xa máis de cinco anos dende o pasamento de Ceferino Díaz, figura irrepetible do PSdeG e gran defensor da causa dun socialismo en clave galega que debía conxugar simbioticamente os principios de solidariedade e identidade. Un xornalista sembrou entón ó Cefe histórico coma un “decente celestino que urdía vínculos entre persoas e organizacións distantes”, cousa que nunca deixou de facer ata os seus últimos tempos, nos que, hiperactivamente xubilado, artellaba un proxecto de rexeneración do PSdeG por entender que urxían cambios fondos que, partindo da tradición e da historia, revitalizasen o partido introducíndoo nunha senda de futuro. Aquel proxecto entronca co que propicia a actual executiva galega.

Cefe comenzo a súa andaina política en 1972 a bordo daquel experimento de diseño, dese partido de cadros que se chamou PSG, auspiciado por Ramón Piñeiro e outros ilustres galeguistas. En 1978 pasa ó PSOE, dende o que participou activamente na elaboración e aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, cuxos avatares recolleu no libro

‘A esforzada conquista da autonomía’. Durante sucesivas legislaturas sería deputado autonómico e deputado no Congreso sen perder nunca de vista a defensa de Galicia.

Moitos lembramos o derradeiro discurso de Cefe no Comité Nacional, pedindo cambios con claridade, visión e paixón. Entón, Cefe dicía: “Somos un partido necesario, díxose aquí, pero somos necesarios se temos respostas. Somos prescindibles se só temos críticas e non propostas viables aquí e agora. Hai que ter respostas e propostas, aquí e agora”.

A escola de formación que leva o seu nome (Cefe, sendo político, nunca deixou de ser profesor) naceu coa vocación de dinamizar non só a formación no senso de capacitación e aprendizaxe da militancia e cadros do partido, senón de debate e xeración de ideas, porque, como el dicía, “sería desilusionante outra vez ir ao goberno para facer o mesmo; o mesmo que Feijóo, pero mellor. Hai que analizar os problemas do país e crear un proxecto ilusionante”.

A escola pretende propiciar a visión, o escenario e o ambiente

adequados para surtir de contidos a ese proxecto, e para transmitir eses contidos á organización. O PSdeG non pode limitarse a debuxar un programa cada catro anos, senón que ten que preparar un programa en constante evolución, axeitado e acaído á realidade cambiante do país e dos tempos; unha realidade que evoluciona constantemente nun mundo que se move a unha velocidade sen precedentes.

Nesa dirección, celebráronse xa xornadas de traballo sobre a catástrofe do Prestige, a discapacidade, o financiamento autonómico, a sanidade e a igualdade. Tamén están a organizarse grupos de traballo sectoriais que deberán propiciar máis actividade, máis formación, máis ideas, respostas e propostas para facer país, ese país co que soñaba Cefe.

A PRIORIDADE DA POLÍTICA SOCIAL

OPINIÓN



MARINA ORTEGA

Secretaria de Políticas Sociais

Os socialistas temos claro cales son as nosas prioridades e, ao igual que para a maioría da cidadanía, a defensa do Estado de Benestar constitúe un elemento fundamental para unha sociedade que experimenta crecentes niveis de desigualdade como froito da crise económica.

Na política social actual, o mapa do noso país deixa una imaxe desoladora, chea de recortes onde máis doen: na sanidade pública, na educación, na dependencia, na discapacidade, nos salarios, nas pensións... É fondamente preocupante a estampa que a dereita deixa tras de si despois de anos de goberno: leva recortado máis de 2.200 millóns de euros ó ano en materia de servizos sociais.

A construción do Estado do Benestar e o esforzo en políticas sociais na democracia española están no legado do socialismo. Foron gobernos socialistas en España os que marcaron a prioridade social e o avance en dereitos, e tamén en Galicia, cando gobernamos, impulsamos unha sociedade máis xusta e a igualdade de oportunidades. Se o sistema público de pensións, sanidade e educación marcaron o impulso xenuíno do benestar, os dereitos das persoas con dependencia constituíron o cuarto pilar. Así, se creou a Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía e

Atención ás Persoas en situación de Dependencia, que visibilizou por vez primeira a situación destas persoas e das súas familias, ata entón agochadas tralas políticas conservadoras.

Queremos recuperar aqueles anos nos cales os gobernos socialistas dende o Estado e a Xunta facían da conquista dos dereitos unha vangarda e un exemplo. Os avances experimentados situaron a España como unha referencia para outros países, tanto pola nosa sanidade pública, os dereitos das persoas homosexuais, o investimento en servizos sociais como forma de loita contra a precariedade e por como as mulleres alcanzaban cotas e dereitos pouco a pouco.

Os socialistas queremos estar en contacto constante coa sociedade e marcar a prioridade das políticas públicas da loita contra a desigualdade e o apoio aos sectores máis desfavorecidos, considerando tamén a necesidade dun ingreso mínimo vital que evite a exclusión social. Só así se pode construír un país.

Queremos fomentar a recuperación demográfica para facer sostible á nosa terra.

Queremos blindar ós menores para que nunca máis sufran a

precariedade nin os recortes na sanidade pública e poidan obter unha boa educación.

Queremos volver a ver aquela Lei de Dependencia, que naceu ben dotada de recursos para poder ser sostible.

Queremos garantir e blindar os dereitos das persoas con discapacidade e adaptar as políticas á gran diversidade que existe.colectivo.

Queremos garantir o sistema de pensións e facer xustiza cos nosos maiores.

Queremos redeseñar as políticas ancoradas no pasado e renova-las adaptándonos ós novos modelos de unidades familiares.

Queremos implementar unha tarxeta social que permita identificar ás persoas usuarias dos servizos sociais, eliminar a precariedade, garantir os dereitos e dotar ás persoas de autonomía.

Queremos recuperar á nosa xuventude, á xeración mellor formada da historia, e aproveitar os seus recursos e experiencia.

En definitiva, queremos escoitar ás persoas e saber como podemos mellorar a súa calidade de vida.

ENCONTRO CON GUILLERMO FERNÁNDEZ VARA, PRESIDENTE DE ESTREMADURA



Gonzalo Caballero coincide con Vara ao reivindicar un modelo de financiamento autonómico que garanta que "todos os cidadáns, con independencia de onde vivan, teñan os mesmos dereitos"

A axenda exterior do secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, arrincou no mes de xaneiro cunha visita a Extremadura. Alí tivo a ocasión de entrevistarse co seu presidente, Guillermo Fernández Vara, para abordar distintas cuestións de relevancia a nivel estatal, aproveitando a súa condición de presidente do Consello de Política Federal do PSOE, e para as dúas comunidades autónomas.

Nun escenario no que se ten avanzado unha reforma da Constitución e a aprobación dun

novo modelo de financiamento autonómico, o líder dos socialistas galegos puxo sobre a mesa que é fundamental que o sistema garanta que "todos os cidadáns, con independencia de onde vivan, teñan os mesmos dereitos".

Nese precepto coincidiu tamén Fernández Vara, despois de que

Gonzalo Caballero tratou con Vara cuestións de relevancia para Galicia, Extremadura e España

Gonzalo Caballero subliñase que esa igualdade ten que darse non só entre as comunidades autónomas, senón tamén entre as cidades e os municipios máis pequenos. O reparto dos fondos públicos, advertiu, debe deseñarse "pensando nas persoas e non nos territorios".

Trátase dunha posición "totalmente compartida" polos socialistas en toda España: a da "loita pola igualdade e a solidariedade", que se ve complementada coa defensa dos sectores "máis febles da poboación". Así o verbalizou o secretario



xeral do PSdeG, quen fixo fincapé na importancia do financiamento autonómico para manter os servizos públicos e para que estes gocen “dun mesmo nivel de calidade” en todos os lugares.

Nese sentido, despois de deixar claro que están en xogo “as posicións de futuro”, mostrouse partidario de “marcar a axenda” fronte aos gobernos conservadores para “atender o custe” dunha sanidade e dunha educación “públicas, gratuítas, universais e de calidade” para toda España “en termos de igualdade”. E, ao fío diso, recordou que prestar os servizos implica maior gasto naquelas comunidades, como Galicia, máis envellecidas e coa poboación máis dispersa.

“NOVO CICLO POLÍTICO”

Alén de tratar todos estes asuntos de relevancia, o máximo dirixente do socialismo galego enmarcou a súa xuntanza con Guillermo Fernández Vara na necesidade de impulsar un partido “máis forte e máis interconectado”, coa vista posta na necesidade de “abrir un novo ciclo político” e cambiar o Goberno do Estado cando haxa eleccións.

En concreto, a súa aspiración pasa por “favorecer o cambio de ciclo necesario tras anos de goberno de Mariano Rajoy”, un presidente que se viu salpicado por numerosos casos de corrupción no seo do seu partido e que non traballou para conseguir que “a recupera-

ción macroeconómica chegue ás familias”.

“Correspóndenos convencer á cidadanía de que necesitamos un cambio en España liderado polo PSOE”, proclamou Gonzalo Caballero, quen ten feito bandeira da necesidade de que a saída da crise sexa por fin percibida polos cidadáns.

Esta visita a Mérida do secretario xeral do PSdeG non só tivo por obxectivo concretar os puntos comúns dos socialistas de cara á conformación do novo modelo de financiamento autonómico, senón que tamén permitiu poñer de manifesto a liña de oposición “con responsabilidade e sentido de país” que está poñendo en marcha.

UNHA MOCIDADE SEN DEREITOS E OPORTUNIDADES

OPINIÓN



NABOR
GONZÁLEZ

Secretario Xeral de
Xuventudes Socialistas de Galicia

Hai escasos días Feijóo recibía ás fillas e fillos de galegos residentes no estranxeiro e convidábaos a retornar; un feito que resulta irrisorio cando aqueles e aquelas que vivimos dentro nos vemos forzados a marchar dun xeito masivo da nosa comunidade. Isto é tan só o pequeno resumo dun triste relato que comezou a escribirse no 2009 en San Caetano, da man dun individuo con tesoiras por man. O seu propósito: unha mocidade galega privada dos seus dereitos e oportunidades.

En materia de educación, os datos falan por si mesmos: no 2009 a inversión en educación por habitante era de 860 euros, mentres que na actualidade descende ata os 670. Isto tradúcese en recortes en bolsas estudiantís, retallos orzamentarios para a Educación Primaria, Secundaria e Universitaria, ou, dito doutra maneira, na privación dun dereito tan fundamental como é o acceder a unha ensinanza de calidade.

Se nos trasladamos ao ámbito laboral, a mocidade non fala de emprego senón de desemprego. O paro xuvenil atópase actualmente no 35% e, se temos en conta que cada vez son menos os mozos e mozas que forman parte da poboación activa galega, trátase dun dato tremendamente alarmante para a nosa comunidade. Así mesmo, aqueles mozos e mozas que non se atopan dentro dese 35% son vítimas, na súa maioría, de contratos precarios que non lles deixan configurar un futuro, senón que unicamente lles permiten subsistir mes tras mes á espera de recibir unha oferta axustada á súa formación.

Pero, que pasa cando esas ofertas nunca chegan? Ou, o que é peor, que pasa cando esas ofertas só se teñen noutros territorios? Que se deixa á mocidade ante unha dicotomía: ou acepta un traballo precario, que non se corresponde coa súa formación, e mal pagado, ou ben emigra.

Nisto de privar de dereitos poderíamos dicir que a Xunta de Feijóo non perde unha oportunidade de deixar á mocidade galega sen os máis básicos, como é a súa liberdade de expresión. Vémolo coa continua supresión de foros e espazos de reivindicación e debate; en definitiva, con aqueles órganos ou plataformas que permiten a xuventude expresar as dúas discordancias co goberno, algo que incomoda profundamente ao Partido Popular.

É momento de non ser conformistas. Mudar esta realidade é un reto nada fácil, algo que non se consegue dun día para outro, senón que esixe unha gran dedicación e traballo. Porque xa o fixemos, volverémolo facer; porque se non somos nós quen o facemos, ninguén o fará.

Máis persoal...

DOLORES VILLARINO

“Apoiei a tope a Emilio para que fose presidente, e volvo por Pedro e por Gonzalo”



Foi a primeira muller en presidir o Parlamento de Galicia. Actualmente ocupa a Secretaría de Política Institucional do PSdeG.

Un referente político para vostede é...

O máis próximo, Emilio. Emilio Pérez Touriño. Apoieino a tope para que fose presidente, e volvo por Pedro e por Gonzalo.

Con quen preferiría tomar unha caña: con Rajoy ou con Aznar?

Se fora un Ribera del Duero, con Aznar, que é un experto (ri). Pero mellor con ningún dos dous.

Cónteme un vicio confesable

O fútbol. Son do Barça.

Cal é a súa mellor virtude e cal o seu peor defecto?

A miña mellor cualidade pode ser que teño máis paciencia da que parece. O meu principal defecto é que, ás veces, teño menos paciencia da que creo.

E que fai para relaxarse?

Desde que me xubilei estou moi relaxada (ri). Antes escoitaba música clásica antes de explotar, e pasábaseme. Pero agora xa case non me cabreo por nada (ri).

Aparte da música clásica, que máis escoita?

Escoito tamén moito blues. E gústame moito Janis Joplin.

Un recuncho para perderse?

Sabarís. Encántame.

Que momento histórico gustaríalle ter vivido en primeira persoa?

Son dunha xeración que viviu

moitos momentos históricos. Recordo como un día moi importante a primeira vez que puiden votar, trala chegada da democracia.

Un soño cumprido?

Estar ben, eu e a miña familia. Cando es novo non lle das importancia, pero despois sitúase no primeiro plano.

Se puidera ter calquera poder, elixiría...

Poder facer feliz á xente.

De non terse dedicado á política...

Seguiría no meu despacho, como asesora económica de empresas.

A última. Elix unha cidade distinta á súa para vivir.

Quedo con Vigo.